Exercicios autoavaliables descargables sobre a unidade 5: O reinado de Isabel II. O significado do Sexenio democrático

1. Comentarios de texto.

MANIFESTO DE MANZANARES

«Españois:

A entusiasta acollida que vai atopando nos pobos o exército liberal; o esforzo dos soldados que o compoñen, tan heroicamente amosado nos campos de Vicálvaro; o aplauso con que en todas partes foi recibida a noticia do noso patriótico alzamento, aseguran desde agora o triunfo da liberdade e das leis, que xuramos defender(...) Nós queremos a conservación do trono, pero sen camarilla que o deshonre; queremos a práctica rigorosa das leis fundamentais, mellorándoas, sobre todo a electoral e a da imprenta; queremos a rebaixa dos impostos fundada nunha estricta economía; queremos que se respecten nos empregos civís e militares a antigüidade e os merecementos; queremos arrancar ós pobos á centralización que os devora, dándolles a independencia local necesaria para que conserven e aumenten os seus intereses propios; e como garantía de todo isto queremos e exporemos baixo sólidas bases a Milicia Nacional(...). Nós temos consagradas á vontade nacional as nosas espadas, e non as envaiñaremos ata que estea cumprida.»

Cuartel Xeral de Manzanares a 6 de xullo de 1854. O xeneral do exército constitucional, O'Donnell.

Introdución onde se contextualice o texto dentro do período isabelino: pronunciamento que inicia o Bienio Progresista. Explicar as causas do pronunciamento, causas xerais (único medio de acceso ó poder político polo fraude electoral e o apoio da raíña ós moderados) e causas particulares (división do partido moderado co xurdimento da Unión Liberal de O'Donnell, corrupción do último goberno moderado). Hai que comentar que, pese ó moderantismo dos xefes do pronunciamento, estes aceptan peticións progresistas (Milicia Nacional, lei electoral, lei de prensa) solicitadas polas Xuntas formadas en distintas cidades, debido a que o pronunciamento non tivo inicialmente éxito. Rematar indicando as principais características do Bienio: goberno compartido por progresistas e unionistas coas súas principais medidas (Lei de Ferrocarrís, Desamortización de Madoz) e remate do período coa volta ó réxime moderado baixo o goberno de O'Donnell.

Redactado:

O manifesto de Manzanares está contextualizado no inicio do Bienio progresista (1854-56) e foi consecuencia da intención do goberno de reformar a Constitución de 1845 a fin de outorgar máis poder ao executivo en detrimento do Parlamento.

Estas intencións provocaron a reacción airada dos liberais progresistas e algúns sectores dos propios moderados, tras unha década na que o papel do poder lexislativo fora meramente simbólico e a vida política se restrinxira á Corte, influída pola existencia de poderosos grupos de presión (camarillas) que determinaban na práctica a estratexia política. Actuaban á marxe das Cortes buscando o favor real. E ademais a oposición política non podía influír na situación, dado o restrinxido número de votantes (1,1%) e o control electoral por parte do goberno

Todo iso conduciu ao pronunciamento de Vicálvaro, dirixido polo xeneral O´Donnell, un moderado crítico co goberno. Os militares non pretendían facer grandes cambios pero logo do fracaso da Vicalvarada, a reacción estendeuse co fin de conseguir o apoio dos

progresistas. Por iso o manifesto recolle pretensións progresistas e provocou a chamada de Isabel II ós progresistas para formar goberno, encabezado por Espartero con O´Donnell como ministro da guerra. Iniciábase o Bienio Progresista. O´Donnell era o líder ademais dunha nova formación política, chamada a Unión Liberal que se formara como consecuencia da división dos moderados.

As demandas expostas no citado manifesto urxían o cumprimento da Constitución e ían orientadas a unha reforma do sistema político, viciado pola actuación das camarillas da Corte e polo apoio da raíña sempre aos moderados. Non só se pedía o respecto á Constitución senón tamén a súa mellora: reforma da lei electoral, liberdade de imprenta, redución dos impostos, diminución do grao de centralización, dando mais poder ás autoridades locais e provinciais, e restauración da Milicia Nacional como garante do cumprimento da vontade do pobo.

O bienio así iniciado logrou aprobar leis tan importantes como a *Lei da Desamortización Xeral* de Madoz, que renovou a venda dos bens da igrexa e poxou tamén bens municipais e comunais. Outra lei importante foi a *Lei do Ferrocarril* que garantiu os beneficios ás empresas privadas que investisen na súa construción.

2. Orientacións para responder a cuestións teóricas da unidade 5.

2.1. Explicar as diferenzas entre carlistas e liberais

Debe comezarse por situar o nacemento do carlismo a finais do reinado de Fernando VII, máis como unha disputa ideolóxica (absolutismo - liberalismo) que dinástica. Hai que sinalar as diferencias ideolóxicas máis salientables: soberanía (real - nacional); poderes (monarquía absoluta - separación de poderes); etc., e os apoios cos que contan ambos. Concluír aludindo ás guerras civís entre carlistas e liberais (1833-39; 1872-76) e a persistencia do carlismo a pesar de ser derrotados nas mesmas.

2.2. Explicar as diferenzas entre moderados e progresistas no período isabelino

Explicar a orixe dos dous partidos políticos nos anos trinta —a diferente postura ante o Estatuto Real— incidindo no seu carácter de partidarios do liberalismo, pero con diferenzas en canto a maior ou menor ampliación dos dereitos e ó modelo de organización estatal: sufraxio, dereitos (asociación, expresión), papel da Coroa e da Igrexa, desamortización, política económica, etc. Resumir o papel destes *partidos de notables* ó longo do reinado de Isabel II: o recurso ós pronunciamentos —sobre todo polos progresistas— debido ó fraude electoral e ó apoio da raíña ós moderados; as principais medidas adoptadas polos moderados (Constitución de 1845, creación da Garda Civil, Concordato coa Igrexa en 1851...) e polos progresistas (Constitución de 1837, desamortizacións, ferrocarril...) nos seus períodos de goberno.

2.3. Explicar as principais características do Bienio Progresista (1854-56)

Enmarcalo dentro do período isabelino como a única etapa de goberno dos progresistas, xunto co novo partido da Unión Liberal, destacando o seu acceso ó goberno como consecuencia dun pronunciamento. Principais medidas adoptadas durante este período: desamortización de Madoz, Lei do Ferrocarril e proxecto de Constitución. Resaltar, sinalando a súa transcendencia, as dúas primeiras. Fin do Bienio provocado polos conflictos sociais e a retirada do apoio de O'Donnell a Espartero, iniciándose unha nova etapa moderada co restablecemento da Constitución de 1845.

2.4. Explicar as principais medidas no proceso de consolidación do liberalismo

Explicar as distintas medidas destacando a súa importancia, enmarcándoas dentro do período isabelino e das diferencias entre moderados e progresistas: Centralismo (organización provincial e administrativa, uniformización lexislativa); orde pública e defensa da propiedade burguesa (Garda Civil, Código Penal); reformas económicas (desamortizacións, Lei de Ferrocarril, reforma fiscal); relación coa Igrexa (Concordato de 1851); reforma educativa e existencia dun réxime constitucional como característica básica do liberalismo (Constitución de 1845).

2.5. Explicar o Sexenio Democrático (1868-1874)

Débese de facer só mención dos principais problemas do período de maneira resumida. Pronunciamento e revolución como consecuencia da crise da Monarquía isabelina. A Constitución progresista de 1869: artigos que supoñen unha maior novidade (sufraxio universal masculino, dereitos de reunión e asociación, liberdade de cultos). O fracaso da monarquía de Amadeo: división dos progresistas; conflictividade social e guerra carlista. A I República: falta de apoio, división entre os republicanos (unitarios - federais), cantonalismo e conflictos sociais. A ditadura de Serrano como preparación da restauración da dinastía borbónica e retorno á *orde*.

3. Comentario dunha caricatura de época



Debuxo da revista *satírica "La madeja".* 1874

Cuestións a ter en conta:
- Describe cada un dos personaxes representados no debuxo.
- Comenta que etapas amosa e as diferenzas entre cada un dos períodos.
- Relaciona o Sexenio Democrático coa época entre 1868 e 1874.

Resposta:
De esquerda a dereita podemos ver aos militares victoriosos na batalla de Alcolea, que significou a caída definitiva do réxime isabelino, levantando unha bandeira de España que contén a inscrición "Viva España con honra" (lema da revolución de 1868).

- O xeneral Prim, rexente mentres se elexía un candidato para o trono.
- A Amadeo de Savoia, representante dunha etapa de monarquía democrática.
- No mais alto, aos presidentes dos sucesivos gobernos republicanos, baixo os cales hai unhas inscricións que caricaturizan a súa xestión. Figueras ("federal algodoeira" polas súas concesións aos industriais deste sector), Pi i Margall, Salmerón e Castelar.
- O xeneral Pavía que en 1874 (o 3 de xaneiro como se ve na inscrición) disolveu a Asemblea para impedir a formación dun goberno de centro-esquerda.
- Polo ángulo dereito asoma a imaxe de Martínez Campos, do que o pronunciamento en decembro do mesmo ano, significou a Restauración da monarquía borbónica na persoa de Alfonso XII.

Na mesma orde, as etapas representadas son as seguintes:

- Trunfo da Revolución, despois da batalla de Alcolea
- Goberno provisional e rexencia de Prim
- Reinado de Amadeo de Savoia
- Constitución da República, que ocupa a posición predominante no conxunto.
- Golpe de Estado do xeneral Pavía.
- E, comezando a se asomar, a próxima Restauración borbónica.

A posición que ocupa cada un dos personaxes reflicte un xuízo de valor sobre as etapas que se representaron así:

- A batalla de Alcolea ten un lugar preferente e represéntase rodeada de gloria, como punto de partida do trunfo revolucionario.
- A rexencia de Prim é considerada como unha transición.
- O reinado de Amadeo de Savoia ocupa o lugar mais baixo de todo o grupo, o que significa unha valoración negativa e pode demostrar a ideoloxía republicana do autor ou autora.
- Dinámica ascendente no proceso de establecemento da República, dende as propostas federalistas de Pi i Margall ata o unitarismo de Castelar, que abandonou a vía federalista e reformista.
- O golpe do xeneral Pavía é mostrado como un baixón na dinámica republicana, como un avance da súa destrución.
- A Restauración borbónica, represéntase como unha ameaza que contribuirá á fin definitiva da República.

A etapa que transcorre entre 1868 e 1874 chámase Sexenio Democrático pola democratización do sistema político, baseado no sufraxio universal e na plena soberanía nacional, ademais da implantación dun amplo sistema de liberdades públicas e privadas: liberdade de imprenta, de reunión e de asociación.

Reforma do ensino.
Descentralización do poder e democratización dos concellos e deputacións.
Abolición da escravitude nas colonias.
Formación dun sistema de oposicións a xuíces que puxo fin aos nomeamentos polo goberno e garantiu a independencia da xustiza.
Restablecemento do xurado nos xuízos.
En definitiva, constituíu unha etapa sen precedentes na historia de España polo alcance dos seus obxectivos e pola extensión das súas reformas, aínda que as perspectivas foron coartadas dada a confluencia de intereses entre a oligarquía española, os canovistas, algúns radicais e incluso os demócratas que desexaban a "volta alfonsina".